

## CONTESTACION DISCURSO DE MARÍA LOUREIRO

Presidente da Real Academia Galega de Ciencias

Fiscal Xeral do Estado

Presidenta do Consello de Cultura Galega

Conselleira de Pesca

Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia

Sr. Vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade da  
Universidade de Santiago

Comandante Director da Escola Naval Militar de Marín

Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Sras. e Sres. Académicos

Señoras e Señores

María Loureiro é licenciada en C. Económicas e Empresariais  
pola Universidade de Santiago de Compostela e doutora pola  
Washington State University (EEUU). É Catedrática de  
Universidade no Departamento de Fundamentos da Análise

Económica na Universidade de Santiago desde o ano 2010, universidade á cal retornou vía o Programa Ramón e Cajal. As súas áreas fundamentais de investigación son a economía dos recursos naturais e ambientais. Anteriormente, foi profesora na Colorado State University (EE.UU) e na Universidade Carlos III de Madrid. É IP do grupo de investigación ECO-IURIS da Universidade de Santiago de Compostela, contido no catálogo de grupos de referencia competitiva da Xunta de Galicia. E directora científica do centro interuniversitario en Economía e Empresa (ECOBAS).

Ata o momento dirixiu 8 teses doutorais con Sobresaliente Cum Laude, así como máis de 10 tesinas ou traballos fin de grao e participou en numerosos proxectos de investigación, tanto nacionais como internacionais.

A súa investigación foi publicada en revistas moi repetidas internacionalmente como a American Journal of Agricultural Economics, Environmental and Resource Economics, Land Economics, Oxford Bulletin of Economics and Statistics, Energy Economics, entre outras.

Serve tamén como editora de Ecological Economics, e é editora asociada da Australian Journal of Agricultural Economics.

A actividade investigadora vai asociada cun importante nivel de citas dos seus traballos. Tanto no ano 2021 coma no 2022, ven de ser incluída nas listaxes dos investigadores no top 2% máis citados do mundo, de acordo ao ranking recentemente publicado pola Universidade de Stanford. No ranking IDEAS-REPEC, tamén figura coma unha das investigadoras máis citadas de España, cun índice H (Google) de 42.

Actualmente participa nos proxectos europeos MyCOAST, CleanAtlantic e EPyRIS. Tamén é membro da Rede Nacional de Economía Experimental (Rede E3C). En materia de servizos académicos, foi Secretaria da Escola Internacional de Doutoramento (EDI) da Universidade de Santiago de Compostela, de 2014 a 2016, Asesora do Vicerreitor de Investigación e Internacionalización, Directora do Programa de Doutoramento en Economía de Santiago. de Compostela desde 2012 e do Programa

interuniversitario de doutoramento de análise económica e estratexia empresarial desde 2014.

Ocupou tamén responsabilidades en asociación científicas, coma na Asociación Europea de Economía Ambiental (EAERE) onde foi membro da comisión de directores entre xaneiro de 2018 e decembro de 2021.

En canto a transferencia de coñecemento refírese, o seu traballo de valoración de impactos ambientais foi utilizado no proceso de reclamación de danos ocasionados polo buque Prestige, sendo presentado como pericial económica por parte da Fiscalía de Medio de Galicia no xuízo que tivo lugar na Audiencia Provincial da Coruña o ano 2013. Este feito permitiu que por primeira vez en España valórese con técnicas propias da economía ambiental e solicite pola Fiscalía unha compensación acorde ao dano ocasionado. Tamén participou no estudo “España 2050”, solicitado polo Goberno de España, onde máis de 80 investigadores en España ofrecían unha visión de prospectiva sobre a economía española no ano 2050.

Cando a semana, recibín o discurso de María Loureiro: **“Economía para tempos nos que o benestar das persoas e o medio ambiente importan”** que tan brillantemente nos presentou, me lembrei de aquilo da conxunción de planetas. María Loureiro incorpórase á Academia a semana na que a catástrofe do Prestige cumpre 20 anos e na que a nosa nova Académica, tal como destaquei no seu currículo, tivo un papel fundamental na opinión pericial dos danos; nin máis nin menos que 4.000 millóns de euros.

Por outra banda, O Consello de Contas organizou a pasada semana na USC acompañado polo presidente do Tribunal de Contas español e todos os presidentes dos órganos de control externo, a presentación do informe do Tribunal de Contas Europeo sobre a pesca ilegal. Como comprenderedes, a elección de Galicia non foi por casualidade e o máis importante –por afeitos que estamos a flaxelarnos nesta terra– é que España e Galicia, en particular, foron utilizados como exemplo de boas prácticas e recoñecido seu papel na loita pola sustentabilidade dos recursos pesqueiros.

E non debemos esquecer que esta semana se esta a celebrar o cumio do clima COP 27, no que o secretario xeral das Nacións Unidas lembra que o planeta achégase rapidamente a un punto de inflexión que fará irreversible o cambio climático. Estamos a tempo de pasar o punto de inflexión.

6

Coincide Antonio Guterres ca nova académica cando no seu discurso, pon en evidencia os retos os que nos enfrentamos nun futuro moito máis preto do que podíamos imaxinar.

Pronto imos a cumprir un cuarto de século 21, no que tivemos que facer fronte a crise financeira do 2008, o Covid e o post-COVID, xunto ca invasión de Ucraína.

Ben parece que os xinetes do apocalipsis cabalgan de novo.

Así como a crisis financeira puxo en evidencia a vulnerabilidade dun sistema financeiro baseado na especulación e se adoptaron medidas correctoras, o Covid puxo de manifestó a vulnerabilidade do sistema sanitario e a debilidade da humanidade ante pandemias que ningún logrou anticipar; a guerra de Ucraína abre un escenario sobre a urxencia de abordar a necesaria transición

enerxética, considerando á vez, que esta debería non ser so rápida, senón tamén xusta.

O binomio crise de biodiversidade e do clima puxeron máis razóns derriba da mesa polas que a mitigación e adaptación climática teñen que seguir a constituír unha prioridade en toda Europa.

É importante sulñar que, mentras no seculo anterior foron muy numerosos os artigos científicos sobre cambio climático e os riscos medioambientais que nos alertaban sobre as suas consecuencias, nas 5 revistas científicas do ámbito da Economía o se publicaron 11 artigos nos cales se contiña o termo cambio climático no resumo, polo que a análise económica rigorosa nestas materias é un tema menos tratado do que a súa importancia real amosa.

Debo resaltar neste puntto o feito de que na Facultade de Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela, se crearon grupos de investigación e se realizaron moitos os traballos que, como no caso de María Loureiro, abordaron a importancia do medio ambiente e a sustentabilidade.

Un exemplo foron as táboas Input-Output de Pesca-Conservación de Galicia, que se iniciaron como resultado da colaboración da Xunta de Galicia e da Universidade de Santiago en 1995, baixo a dirección de María do Carmo García Negro e Gonzalo Rodríguez. Esta iniciativa foi pioneira en España para o sector pesqueiro e no seu último informe de 2019 recolle datos de grande interese: A cadea mar-industria na economía galega xera uns ingresos de 9.000 millóns de euros anuais. Ademais, o sector marítimo-pesqueiro foi gañando peso na riqueza da comunidade, xa que está presente en maior ou menor medida en 76 das 83 ramas de actividade económica de Galicia.

No seo discurso a nova académica, sulíña que as políticas requeridas en materia ambiental, tales coma os impostos verdes, non son sempre nin as favoritas nin as que favorecen a toda a poboación; mentas que para que funcionen adecuadamente, a involucración e aprobación da cidadanía é fundamental, por ser o medio ambiente un dos bens públicos máis prezados que temos. Na análise que se presenta, baseada en ferramentas apoiadas en



big data, amósase que as políticas de impostos as emisions non son especialmente populares hoxe en día entre a cidadanía. A preocupación fundamental da cidadanía en materia ambiental versa sobre as consecuencias da súa propia vulnerabilidade económica acentuada pola crise ambiental. Isto chama á necesidade de xerar instrumentos económicos máis persoalizados, que sexan coherentes ca propia vulnerabilidade económica dos máis afectados, incluíndo tamén aqueles derivados da política climática.

Como sinala a Profesora Maria Loureiro, ata hai pouco, os esforzos da comunidade internacional eran reducir as emisións de CO<sub>2</sub>, nenbergantes, actualmente, os países centran os seus esforzos en promover políticas de adaptación e mitigación que axuden a minimizar os efectos deste fenómeno cuxas consecuencias non deixan de sentirse arredor do mundo. Estas estratexias son complementarias; a súa diferenza reside en que as estratexias de mitigación intentan combater a causa do cambio climático e minimizar os seus impactos, mentres que as estratexias de

adaptación analizan como reducir as consecuencias negativas deste fenómeno e aproveitar as súas oportunidades, e Galicia tal como manifesta a profesora Maria Lodeiro, contará con ventaxas comparativas.

O cambio climático, a contaminación das augas (continentais e mariñas) e a sobreexplotación están a comprometer o futuro de noso Planeta para as novas xeneracións. É urxente unha maior implicación da sociedade, a colaboración directa dos responsables públicos e, por suposto, unha investigación científica e tecnolóxica continua. Todos estamos de acordo no camiño a seguir; pero debemos facernos unha pregunta: ¿ a qué estamos despostos a renunciar os que vivimos en países privilexiados.

Penso que todos os presentes neste acto de investidura nos sentimos moi honrados pola incorporación da Profesora Maria Loureiro a Real Academia de Ciencias de Galicia. Non teño dúbida de que o seu traballo axudará a engrandecer a laboura de esta Academia o servicio da ciencia e da sociedade.

Moitas gracias po la sua atención.